

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de

CENTRO: CEIP PLURILIGÜE CHANO PIÑEIRO
CURSO: 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
ÁREA: EDUCACIÓN PLÁSTICA
DATA: 13-05-2020

Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Identificar as diferentes materiais e formas de expresión plástica.	EPB1.1.1. Describe e identifica as calidades e as características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.
B1.3. Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas.	<ul style="list-style-type: none">EPB1.3.1. Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades.EPB1.3.2. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas.
B1.5. Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos etc.).	EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc.
B2.5.Recoñecer as partes principais da figura humana.	EP2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.
B2.7. Coidar, respectar e utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos.	EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Análise de produción do alumnado Observación
	Instrumentos: Listas de cotexo Escalas de valoración
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>No cálculo da cualificación final que se establecerá na avaliación ordinaria de cada área, teremos en conta a media aritmética dos dous primeiros trimestres e o traballo desenvolvido polo alumnado neste 3º trimestre referido aos criterios e estándares de avaliación imprescindibles para o reforzo, continuidade do proceso educativo e consolidación dos dous primeiros trimestres do curso, reflectidos neste documento de adaptación e que, no caso destes últimos, solo poderán ter valor positivo para a cualificación do alumnado.</p> <p>Cálculo da nota ordinaria:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Se un alumno ou alumna obtivo unha nota superior ao 5 nas dúas avaliacións anteriores e entrega as tarefas programadas telemáticamente ou impresas e participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, non será a media aritmética das dúas anteriores. Segundo a avaliación do traballo realizado pode aumentar, en ningún caso diminuíla.2. No caso de que un alumno ou alumna non acadara o 5 nalgunha das avaliacións anteriores e entregue as tarefas programadas telemáticamente ou impresas e participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, non será a media aritmética das dúas avaliacións anteriores, senón que pode aumentar tendo en conta que as actividades no terceiro trimestre son de reforzo e recuperación.3. No caso de que un alumno ou alumna non acadara o 5 nalgunha das avaliacións anteriores e non entregue as tarefas programadas telemáticamente ou impresas e non participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, será a media aritmética das dúas avaliacións anteriores.4. Se un alumno ou alumna ten suspensas as dúas avaliacións dunha área e non participa en videoconferencias nin aporta tarefas telemáticamente ou impresas para mellorar os seus resultados e competencias, sendo informada a familia da falta de traballo na área, non acadará unha valoración positiva. O mestre

	<p>ou mestra da área recollerá evidencias de ter informado a familia da situación.</p> <p>5. No informe individualizado do alumnado, que se remitirá ao finalizar o curso debe quedar recollido, de cara ao seguinte curso escolar 2020 - 2021, o traballo realizado polo alumno ou alumna no terceiro trimestre e os atrasos producidos detallando aquelas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas. Tamén debe quedar reflexado nas observacións do boletín de notas da avaliación ordinaria, cumprimentando este apartado en Xade.</p> <p>Será o equipo docente, na sesión de avaliación do grupo, o que decidirá a promoción do alumnado tendo en conta o nivel acadado nos criterios de promoción de nivel dados e as competencias clave, non dependendo da cantidade de áreas suspensas.</p>
--	---

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>As actividades achegadas serán actividades de creación/composición/competenciais publicadas na aula virtual. Trátase de actividades de repaso, reforzo e recuperación.</p> <p>No caso desta área, empregaranse as actividades de creación, que sempre deben ir acompañadas de representacións plásticas, para avaliar de xeito transversal a área; ademais de actividades relacionadas coa área de matemáticas, coa que comparte diversos contidos.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Non hai alumnado con falta de conectividade.</p> <p>A metodoloxía empregada implica a publicación de novas actividades na aula virtual, a programación de videoconferencias para poder traballar dúbidas ou aclarar calqueira aspecto, e videoconferencias para traballar on-line aspectos procedimentais.</p> <p>A temporalización serve para poder adaptarse ás diferentes realidades do alumnado e poder recibir evidencias das súas actividades.</p>
Materiais e recursos	<p>Formularios interactivos</p> <p>Actividades interactivas</p> <p>Vídeos</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Aplicación Abalar móbil Aula virtual Videoconferencias con Webex Correo electrónico Teléfono</p>
Publicidade	<p>Publicación na páxina web do centro. Informaremos ás familias por Abalar Móbil. Aquelas que non dispoñan de Abalar Móbil enviaráselle unha carta por correo ordinario ou correo electrónico, indicándolle a onde se poden dirixir para atopar a documentación.</p>